

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA  
CORPORACION O DIA 01 DE XULLO DE 2016**

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ  
BERNARDO VARELA LÓPEZ  
MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ  
FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO  
RODRIGUEZ

ALBERTO CONDE RODRIGUEZ  
MARIA ISABEL POISA REY  
MANUEL CID PÉREZ

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL  
M<sup>a</sup> DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ  
JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ

Polo PSdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA

SECRETARIO:

*Don Maximino Jardón Pedras*

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as VINTE HORAS (20:00) do día UN de XULLO do DOUS MIL DEZASEIS, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, a fin de celebrar unha sesión extraordinaria polo Pleno da Corporación.

Non asiste a concelleira do Grupo municipal do BNG, MARIA TERESA DEVESA GRAÑA quen previamente comunicou a súa ausencia por razóns persoais.

Sen incidencias.

## ORDE DO DIA

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador acta da sesión anterior.**
2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
3. **GDR 2016.- Adesión ao GDR-10 Limia-Arnoia.**
4. **Expediente de contratación dun subministro e adquisición dunha máquina barredora-aspiradora autopropulsada para o servizo de recollida de lixo mediante arrendamento financeiro con opción de compra (modalidade leasing).- Proposta de adxudicación do contrato.**
5. **Rogos e Preguntas.**

-----&&-----

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador acta da sesión anterior.**

*Aprobase pola unanimidade dos doce concelleiros presentes na sesión no momento da votación, dos trece que legalmente integran esta Corporación local, sen modificación algunha.*

2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos, na Secretaría, sinala o alcalde.

3. **GDR 2016.- Adesión ao GDR-10 Limia-Arnoia.**

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que, como xa é ben coñecido, o concello de Allariz, despois da desaparición dos grupos de desenvolvemento rural para as Comarcas de Allariz-Maceda, vai para quedar integrado nunha macro comarca que abarca un terzo do territorio da provincia de Ourense denominado Limia-Arnoia, na que van quedar incluídos os grupos de A Limia, Celanova e Bande. A incorporación a este grupo é necesaria mediante acordo do Pleno da Corporación, tal como se ten acordado por Agader. Para a operatividade do grupo estase tratando de que se poidan abrir tres oficinas de atención e información pública que se ubicarían en Xinzo, Celanova e Allariz para cubrir as solicitudes e trámites correntes en todo o territorio con criterios de proximidade ás empresas e particulares. O BNG, aínda sendo crítico debido á amplitude territorial do GDR, propón, non obstante, a adhesión ao GDR Limia-Arnoia.

Non hai intervencións por parte dos grupos municipais.  
Polo exposto,

O Pleno, pola unanimidade dos doce concelleiros presentes na sesión no momento da votación, dos trece que legalmente integran esta Corporación local, *acorda aprobar a adhesión do Concello de Allariz ao Grupo de desenvolvemento Rural Limia-Arnoia, GDR-10, e facultar ao Sr. Alcalde tan amplamente como en dereito proceda para a execución deste acordo, podendo expedir e asinar, no nome e representación da Corporación, cantos documentos sexan necesarios a tal efecto.*

**4. Expediente de contratación dun subministro e adquisición dunha máquina barredora-aspiradora autopropulsada para o servizo de recollida de lixo mediante arrendamento financeiro con opción de compra (modalidade leasing).- Proposta de adxudicación do contrato.**

Deu conta do expediente o Sr. Alcalde.

Non hai intervencións por parte dos grupos municipais.

Visto que con data 31 de maio de 2016, polo Pleno desta Corporación acordouse aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, da subministración de dunha máquina barredora-aspiradora para integrar o equipamento do servizo municipal de limpeza viaria, autorizando o gasto que para este Concello representa a contratación da subministración mediante a modalidade de leasing, cunha duración do contrato en 60 mensualidades para conciliar as necesidades do servizo coas propias da situación económica do concello, con cargo á aplicación presupostaria 1631.624.00 do vixente Orzamento Municipal; existindo crédito suficiente até o importe aprobado polo Concello para a presente anualidade, quedando acreditada a plena dispoñibilidade das achegas que permiten financiar o contrato, e aprobou, asimismo, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato de subministración.

Realizada a convocatoria do procedemento aberto mediante anuncio publicado no BOP de Ourense núm. 128/2016, do 4 de xuño, e no Perfil do Contratante do Concello de Allariz sito no portal [www.allariz.com](http://www.allariz.com) cun prazo de 15 días naturais para a presentación das ofertas.

Resultando que durante o prazo de exposición pública presentouse unha oferta de subministro dunha máquina barredora-aspiradora pola empresa VEICAR e unha oferta de financiación da operación de leasing pola entidade bancaria BBVA.

Resultando que a Mesa de Contratación celebrada o día 22 de xuño de 2016, considerando que a máquina barredora ofertada pola empresa VEICAR e as condicións financeiras ofertadas pola entidade bancaria BBVA, reunían todos os requisitos establecidos no prego de condicións administrativas así como no de condicións técnicas, acordou elevar ao órgano de contratación a correspondente proposta de adxudicación.

Polo exposto,

De conformidade coa proposta da Mesa de Contratación de data 22/06/2016.

O Pleno, pola unanimidade dos doce concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación Local, ACORDA:

**PRIMEIRO.** Adxudicar o contrato de subministración dunha máquina barredora-aspiradora marca KARCHER, modelo MC 130 ADVANCE, financiado mediante a modalidade de leasing, para integrar o equipamento do servizo municipal de limpeza viaria ás seguintes empresas:

A) Empresa subministradora da máquina barredora barredora-aspiradora:

**VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTO E CARROCERÍAS PRIETO-PUGA, S.L. (VEICAR), con C.I.F. B15134182,** con domicilio, a efectos de notificacións, na rúa Parroquia de Guísamo, Parcela 88, Polígono Industrial de Bergondo, 15165 Bergondo (A Coruña), representada neste acto por don Carlos Prieto-Puga González, polo prezo de CENTO SEIS MIL CATROCIENTOS SETE EUROS (106.407 €), máis IVE, co compromiso de cesión dos dereitos de cobro a entidade financeira seleccionada, e co compromiso de efectuar a subministración no prazo de 30 días naturais contados a partir da data de comunicación da adxudicación, con revisión de ITV, matriculada e rotulada de acordo coas directrices que indique o Concello de Allariz, curso de manexo e funcionamento, e transporte e entrega do material ofertado, por persoal propio da empresa, ata o Concello de Allariz, libre de todo gasto, e conforme ás prestacións e características técnicas e de equipamento establecidas no prego técnico e coas melloras ofertadas pola empresa que se detallan na memoria técnica presentada e que obra no expediente de contratación, coa garantía da máquina barredora e os seus accesorios polo prazo de 24 meses (barredora, equipamento en pezas e man de obra) contra todo defecto de fabricación.

B) Entidade financeira seleccionada para financiación da subministración da máquina barredora-aspiradora mediante a modalidade de leasing:

BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A. (BBVA), con C.I.F. A-48-265169, con domicilio a efectos de notificacións, en Rúa do Paseo, 18, 2º, Ourense, representada neste acto por don Cristian Emilio Maldonado Prada e don Miguel Pérez Villayandre, co compromiso de adquirir para o Concello de Allariz a máquina seleccionada e coas seguintes condicións:

Tipo de interés: Euribor a un ano + 150 puntos.

Valor residual igual ao importe dunha cota mensual aos que se engadirá o 21% en concepto de IVE.

**SEGUNDO.** Dispor o gasto con cargo á partida 1631.624.00 do orzamento vixente de gastos.

**CUARTO.** Notificar á empresa VEICAR, adxudicataria do contrato de subministración, así como á entidade bancaria BBVA, que financia o contrato mediante unha operación de leasing, o presente acordo e citarlles para a sinatura do contrato que terá lugar na Casa do Concello de Allariz dentro do prazo establecido na cláusula décimo cuarta do prego de cláusulas administrativas (15 días hábiles) contados dende o seguinte ó da notificación da adxudicación.

**QUINTO.** Publicar a formalización do contrato de subministración no Perfil de contratante, e publicar anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense no prazo de corenta e oito días a contar desde a data da presente Resolución.

**SEXTO.** Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

**SÉTIMO.** Facultar ao Sr. Alcalde tan amplamente como en dereito proceda para a execución destes acordos así como para a sinatura do correspondente contrato.

## **5. Rogos e Preguntas.**

Non houbo.

*E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinte horas e oito minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.*

O ALCALDE

O SECRETARIO